

**Acta da xuntanza de Proxecto Cárcere coa Concellería de Educación , Cultura e
Memoria Histórica do Concello da Coruña**

Data: 16 de xullo de 2019

Lugar: Casa Paredes

Hora: 12:00h

Asisten: Jesús Celemín, concelleiro. Laura, Carmen, Nicanor e Tono (PC).

- A reunión comeza puntual e logo de agradecer poder volver a interlocutar con Concello, se lle comenta ó concelleiro que a solicitude de xuntanza era coa alcaldía e que se agradece de todos xeitos que sexa a concellería de cultura quen atenda a PC.
- Se lle comunica que se vai tomar acta da xuntanza.
- O concelleiro pide un resumo da historia do proceso de Proxecto Cárcere e se lle informa con síntese da andaina ata chegar ao día de hoxe.
- PC pregunta cal é o plan do Concello para o edificio e o concelleiro contesta que queren saber en que condicións está o espazo e saber tamén de quen depende a súa titularidade, así, como saber como está o tema xurídico no Tribunal Supremo (cousa da que se lle informou durante a reunión), e, despois, entrar en que usos tería.
- Incorporase á xuntanza Gonzalo Castro, asesor da Alcaldía.
- Proxecto Cárcere denuncia o estado de abandono no que se atopa de novo o edificio.
- Denúnciase por parte de PC o silencio da dirección Xeral de Patrimonio cando o cárcere está abandonado.
- PC manifesta que a súa prioridade foi, é e será que a antiga prisión sexa rehabilitada canto antes esixindo á institución responsable que acometa canto antes as obras mínimas de mantemento do espazo.
- PC comunica que hai establecida unha estreita colaboración con dúas Facultades da UDC con vistas á recuperación e desenvolvemento de actividades de novo no cárcere.
- PC fai mención da proposta do PSOE na anterior lexislatura de ter feito un convenio nominativo a Proxecto Cárcere como valedor do edificio durante estes anos e pedimos que se chegue a ese acordo legal e xusto para ambas partes cando a antiga prisión provincial cumpla os mínimos de habitabilidade.
- Faise alusión, por parte de PC, á xuntanza tida co grupo municipal

socialista o 15 de febreiro deste mesmo ano, no que houbo un compromiso oral de mediar ante o Ministerio do Interior por medio do delegado do goberno, Javier Losada, para que o antigo cárcere deixe de estar abandonado. O concelleiro Jesús Celemín comprométese a falar co delegado do goberno.

- O concelleiro comprométese a falar coa concellería de Urbanismo, para tratar de visitar o cárcere e avaliar o estado do edificio.
- PC manifesta que o edificio ten varios lugares críticos nos que habería que actuar de inmediato como son as cubertas. Cando o cárcere estaba en activo tiñan mantemento anual, tamén PC enfatiza que o edificio estruturalmente non está en ruina porque os muros son de formigón ciclópeo e teñen 60 cm de espesor. Neste apartado faise mención ao ofrecemento por parte de profesorado da ETSAC de levar a cabo, xunto con alumnado, unha análise da situación e patoloxías actuais do edificio, así como á proposta de autoconstrucción comunitaria por parte do estudo de arquitectura andaluz Recetas Urbanas, que podería abaratar custes e implantar as políticas de participación que se reflicten nas leis europeas. Así como a posibilidade de desenvolver proxectos coa figura das Escolas Obradoiro non suxeitas á especulación e que tentan formar e incorporar ó mercado de traballo a persoas novas en risco de exclusión social.
- O concelleiro comprométese a manter o contacto con PC en vindeiras datas.
- Ás 12:50h remata a xuntanza.